



Astº.: Certificado de exposición pública e do seu resultado
Refª.: Orzamento do exercicio de 2012

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA :

Que segundo se desprende do expediente do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2012 que inclúe a Plantilla de Persoal consonte á Relación de Postos de Traballo, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resultan, respecto da súa exposición pública tras a aprobación inicial, e resultado, os extremos seguintes:

1º. Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 229 do 1 de decembro de 2011, apareceu inserto o anuncio da aprobación inicial do dito Orzamento e Relación de Postos de Traballo, anuncio no que se inclúe o outorgamento do prazo de quince días hábiles (desde o primeiro, tamén hábil, ao da dita publicación) para exame do expediente e presentación de reclamacións polos interesados.

2º. Que, copia dese anuncio, inseriuse, na mesma data da precitada publicación, no Taboleiro de anuncios do Consorcio, debidamente dilixenciado incluíndose o prazo correspondente segundo consta naquel.


3º. Que en consideración á data de publicación citada no apartado 1º da presente, o prazo de quince días indicado nese apartado transcorreu, desde o día dous de decembro de dous mil once (02.12.2011) ata o día vinte e un de decembro de dous mil once (21.12.2011), incluídos os días de inicio e fin citados.

4º. Que durante o prazo ao que se fai mención no apartado precedente, non consta presentado no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos desta Entidade, nin por remisión ou entrega por outros medios a esta Secretaría (Fax, correo electrónico) documento ningún de reclamación ou alegación contra dito Orzamento ou o seu expediente, incluído tanto a devandita relación dos Postos de Traballo como o acordo de aprobación inicial.

E, para que así conste e na unión co referido expediente, xurda os seus debidos efectos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente en Carballo, a vinte e dous de decembro de dous mil once.

v.º e pr.
O presidente,


Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez
O Presidente


Secretaria
Intervención